



PreTexto XX TRCDanza

Antía Otero sobre Brodas Bros

Con motivo da presentación da compañía Brodas Bros o vindeiro 3 de novembro no TRCDanza, convidamos a Antía Otero, poeta e actriz galega, á elaboración deste Pre-Texto.

Antía Otero, licenciada en Historia da Arte na especialidade de Arte Contemporánea pola USC, Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual (Arte-a, Reina Sofía e a Universidade de Alcalá) e Máster en Historia e Estética do Cinema pola Universidade de Valladolid. Cunha traxectoria interdisciplinar que conxuga a escrita coa arte e a interpretación, a súa investigación camiña entre imaxe, palabra e práctica escénica. Un dos seus máis recentes proxectos é Apiario, un proxecto editorial que mestura obradoiros de escrita con un selo editorial independente, proxecto xerado da man de Dores Tembrás.

O EFÉMERO NA SOCIEDADE DO ESPECTÁCULO

Por Antía Otero

Imaxinemos a dous bailaríns na rúa e ti preto deles. Imaxinemos que ningunha cámara os rexistra. Imaxinemos que están alí porque ti podes velos e mesmo sentilos, pero elixes deitar os ollos no tronco dunha árbore, e logo no edificio que se recorta en perspectiva tralo lombo dun deles. Imaxinemos que non reparas no movemento exacto e paralelo que emiten entre os seus dous corpos irmáns, senón nas súas sombras. Sabes, ao mirar o chan, que estás perante un sol tímido que podería ser do abrente ou do serán nun nonespazo da cidade. Imaxinemos que escoitas unha música duns

violíns pero non hai violíns. Non físicamente, non reprodutivamente. Escóitala porque todo indica que ese momento debería ser perfectamente acompañado por unha melodía de violíns lene e melancólica como o sol que xera as sombras, pero ti non sabes de onde sae porque sae de ningures. Imaxinemos un espigón preto do mar e o son do mar. Imaxinemos que os violíns xa son agora distintos porque aparecen outros planos de son. Un paseo sonoro dende a quietude. Tamén un avión quizáis no ceo. Imaxinemos que os corpos irmáns dos bailaríns xuntan as súas cabezas e recórtanse na contraluz a causa do sol sobre o monte. Imaxinemos a sensación dun cadro de Chirico. Mobiliario urbano baleiro. O brazo dun dos bailaríns lanzándose en transversal sobre un bambán. De novo as sombras das súas mans, dos pés. O xiro. Imaxinemos as pisadas na area que rodea a lousa na que bailan. A calor residual despois de todo o día. A cor laranxa dos cons que non son aquí. O contraste cromático entre o azul do mar e ese laranxa pálido. O complementario. Imaxinemos os camiños que levan a praia.

Non é preciso. Estamos alí. No espazo elexido desatando tódalas posibilidades. No lugar urbano onde nada é controlable e todo significa.

(Sobre SOLO 2 de Brodas Bros)

Quizáis non poderíamos falar de arte urbana en relación ao mercado da arte sen deternos na acción. Mergullar naquelo que sinalaba Kaprow de que *“a liña entre a arte e a vida debe manterse tan fluída, e quizáis indistinta, como sexa posible”*, para referimonos á relación indisoluble que, rematados os 50's e comezados os 60's, arte e vida debían ter. Suliñar a decisión de non rexistrar os eventos coa intención de convertelos nalgo único.

Pode o mercado capturar o fluir, aprehender o efémero, apresar a fugacidade dun spray nas mans dunha artista urbana?. Por máis que teimemos en demostrar que non, citando as arquitecturas danzables de Trisha Brown, os buratos de Matta Clark, a terra de Joseph Beuys ou as espirais de Robert Smithson, non deixa de ser certo o valor que o mercado soubo dar a “experiencia” ata convertela en artigo de luxo, e deixando o amable alcume de “reivindicacións heroicas” aos posicionamentos contra o mercantilismo instalado no mundo da arte. Quedou, iso si, unha certa construción da sensibilidade ecolóxica (sostiblemente contemporánea) que fixo que a “arte como

experiencia” evite mostrarse como un proceso lineal, carecendo de reparo á hora de aparecer como resultado dunha suma de probas, erros e acertos.

Son os procesos un xeito real de entendemento ou un escudo na loita residual contra o mercado?. Serían posibles os “abre o teu proceso”, os ensaios abertos, os work in progress, os asistentes de Sol LeWit?. Serían posibles os millóns de reproducións da presenza silente de Marina Abramovic no MoMA?. Deixariamos de emocionarnos véndoa suar en streaming?. Serían posibles *s bailaríns, *s performers, *s “accionistas” se todas as manifestacións vinculadas á expericia e ao efémero fuxisen concienciadamente dunha (re)produción, dun “estiven aquí” nas redes sociais?. É lóxico escapar do rexistro daquelo que xa deixou de ser efémero?. Atura a area dentro da peneira?.

Marina Abramovic xera un falso documental onde abraza a Ulay despois de décadas sen verse. Banksy produce un falso documental sobre a arte urbana e os sistemas do mercado mentras nun programa de zapping asegúrase que a verdadeira identidade do graffiteiro encarrapuchado é o vocalista de Massive Attack. E todo isto ocorre, non en planos distintos, senón na mesma búsqueda de Youtube.

E os que non?. Coñecerémolos?. Daranse a coñecer?. Podemos botar luz coa cita de Debord: *“Que a sociedade contemporánea é unha sociedade de espectáculo é cousa obvia. Pronto sinalará a quen non queira sinalarse. Son incontables xa as obras que describen un fenómeno que rematou por catacterizar ás nacións industriais, sen perdoar aos países atrasados con respecto ao seu tempo. Pero o gracioso é que tamén os libros que analizan ese fenómeno, en xeral para deploralo, deben render tributo ao espectáculo para darse a coñecer”*

Celebramos que o mercado, a institución e a academia axuden teóricamente a entendernos e nomearnos. Integrámoslos nos discursos e bañámonos nas súas augas. Mirámoslos como afíns. Pero no fondo algo felino ocorre. Daquela, só cando nos damos conta do estado das cousas, loitamos por non perder o aquí e recuamos botando en falta o curtocircuíto, o evento, o infraordinario, a vida como acción real:

“ As accións da vida só serán comunicadas,/ e serán elas, a poesía,/ porque, repítoche, non hai máis poesía que a acción real/ (ti tremes só cando a atopas/

nos versos, ou na rosa,/ cando a súa evocación é perfecta)./ Sempre anhelarei esa poesía/ que é acción en si mesma, no seu desapego das cousas,/ na súa música que non expresa nada/ máis que a propia árida e sublime paixón por si mesma”.

(Pier Paolo Passolini)

Pretexto XX, publicado o 29 de outubro de 2016.

Este texto foi escrito por Antía Otero, en resposta ao convite do Proxecto de Programación Expandida do TRCDanza 2016 para a liña de publicacións denominada “PreTextos” na que un profesional é convidado a poñer en contexto a obra dun determinado artista convidado ao programa TRCDanza, programa estable de danza do Teatro Rosalía de Castro de A Coruña.